

In memoriam de Carlos Allones Pérez

Bernardo García Cendán

Con algunhas persoas (moi poucas) sucédenos a todos (nun momento dado da nosa vida) o que a min cando me presentaron a Bernardo García Cendán: que dende o primeiro instante tiven a impresión de que o coñecía dende sempre, de toda a vida. Coincidín por primeira vez con el nos cursos de doutoramento que organizaba o profesor Juan Luís Pintos no por entón Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración desta Universidade de Santiago de Compostela, alá polos anos 1991 ou 1992. E xa entón pareceume o que logo o trato persoal continuado durante todos estes anos confirmoume: que era un home “bo... no bo sentido da palabra...”, como dicía Don Antonio Machado.

Algúns anos máis tarde, cando eu era xa Profesor Axudante do Departamento de Socioloxía, suscitouse a necesidade de que un de nós fose a Lugo a dar clases na Facultade de ADE daquel campus, e estando na reunión Bernardo, ofrecínome voluntario a ir, sen maiores cálculos, basicamente por el.

Sucedeu entón que atopei en Lugo o que non tiña en Santiago: unha tertulia. En efecto, en casa Rivas comiamos xuntos varios profesores desprazados desde Santiago, un par de días á semana, facendo unha pequena sobremesa, cuxa Alma Mater (polo menos para min) era Bernardo, coa súa conversación sempre atenta e enxeñosa: Gumersindo Villar, Jesús Giráldez, Chus Mosquera, Carlos Insúa, Francisco Sineiro, Octavio Vázquez, Manolo Vilas, Jesús Pereira, ultimamente Sebastián Villasante...

Con el din a primeira volta ao adarve da Muralla, e fun por vez primeira á Pulpada do San Froilán, entrando en contacto con esa peculiar sociabilidade lucense, tan densa e perfeccionada no seu, que Bernardo coñecía tan ben.

Bernardo era un home de fe, inspirador e fundador da revista *Encrucillada*, Revista Galega de Pensamento Cristián, que ten nin máis nin menos que 3.000 subscritores, o que xa quixesen para si moitas revistas académicas, e aínda de ámbito máis xeral. Pero Bernardo nunca foi un home de figurar ou de poder, o que facía a súa man esquerda non o sabía a dereita, nunca demostraba a súa extraordinaria valía humana ou intelectual, movíase como peixe no auga, sen deixar pegada nin facer ruído, como ese peixe que simbolizaba aos cristiáns primitivos nos séculos heroicos e verdadeiros dos seus comezos.

Nunha ocasión leu un programa dunha das miñas materias, e díxome: “Ou sexa, que tí tamén es de Tönnies”... Referíase ao gran sociólogo alemán do século XIX Ferdinand Tönnies, que estableceu o contraste entre Comunidade e Asociación, e Bernardo, apegado como estaba á súa comunidade local, a esa Praza de Vilalba onde transcorreu a súa nenez, e á que nunca abandonou en realidade, era un gran coñecedor da Igrexa en Galicia, e por iso mesmo, dos cambios históricos que están vivindo as comunidades galegas. Estivo de párroco en París, estivo de párroco en Ferrol, en anos cheos de experiencia e de compromiso, e difíciles, pero nunca abandonou o vínculo sentimental e intelectual coa súa praza vilalbesa. E como eu son de Tönnies, coma el me dixo, teño para min que ese vínculo lle honra máis, moito máis que os honores sociais que outros buscan e logran, e que el habilmente soubo eludir, sen que nin sequera se notase que o facía.

Tiña pensado Bernardo (díxome nunha ocasión, ou polo menos iso eu entendín) dedicar o seu tempo, logo da xubilación, a escribir unha crónica social da súa Vilalba natal, pero non tivo tempo, nin a súa enfermidade llo permitiu. Deixounos, iso si, o pequeno escrito que bosquexou no ano 2003 a petición da Comisión de Festas de Vilalba, e que titulou “*Unha praza para un cartel de Festas*”. Marabilloso testemuño do seu corazón e intelixencia, verdadeiro autorretrato de humor e de espírito, como se ve neste fragmento referido á Vilalba dos anos da guerra, algúns de cuxos personaxes el coñeceu na súa infancia:

Na casa de Goldeiros vivía o Antoñito que tiña a habilidade de atopar sempre unha frase lapidaria para pechar un comentario. Como cando viu nunha manifestación a aquela veciña que vivía cun compañeiro sen ter pasado pola igrexa. Segundo me contaron, a señora ía berrando: viva España, fuera el amor libre. Os que a coñecían ollábanse estupefactos e o Antoñito comentou: quererá ter ela a exclusiva. E todo quedou aclarado.

Aínda que nas antípodas de Manuel Fraga en canto a ideoloxía, Bernardo coñeceu e tratou moito á familia do político, particularmente á súa nai, vasco-francesa, da que gardaba excelente recordo. Cando a señora Iribarne enfermou, pediulle un bo día a Bernardo si lle podía levar a Comuñón a casa, cousa que Bernardo non só fixo, senón que dixo unha misa tan só para ela ¡e en francés!... Porque Bernardo era sobre todo amigo dos seus amigos, e non faltaba o seu consello cando se necesitaba, un consello próximo, lúcido, benintencionado, discreto por demais, *sabio*. Axudaba sen esixir nada a cambio, graciosamente, nunca máis se volvía a falar daquilo, ficaba resolto, atrás.

Non sería de xustiza terminar esta memoria sen referirme outra vez ao seu sentido do humor, doce e nada ofensivo, enxeñoso, lixeiro. En febreiro deste mesmo ano 2012, cando xa estaba bastante doente, e aprehensivo con razón abonda, pedinlle que

me puxese o exame de Socioloxía da Cultura da Licenciatura de Humanidades de Lugo, porque eu ese mesmo día a esa mesma hora tiña que poñer outro en Santiago. Os estudantes, uns 11 ou así, fixeran a maioría deles un traballo por escrito, que el tería que recoller no meu lugar. Pero por si algún o prefería, dinlle a Bernardo a copia dun exame que podían facer en lugar do traballo. Uns días máis tarde, cando lle preguntei que tal lle fora co exame, estando comendo con el e con Sindo, díxonos: “Todos eles entregáronme un traballo, pero eu lles dixen *Tendes tamén a maiores que facer o exame...* Agrupáronse mirando pra mín, asustados, encollidos, pero antes de que lles entrase o pánico lles dixen sorrindo *Que non, Que é broma!...*”

Esa comida foi a última vez que estiven con el. Para sempre me quedará ese recordo, aquel día, no que malia o seu ominosa enfermidade, estaba alegre e bastante confiado. Tratar nesta vida a algunhas persoas é un privilexio que os anos nos ensinan a valorar. Os espíritos desas persoas convértense no tesouro máis querido de nosa propia vida mortal.

Carlos Allones Pérez

Universidade de Santiago de Compostela

(Traducción: Iván Reimóndez)